

Fotografías por cortesía do Arquivo da Real Academia Galega e Museo de Pontevedra.

Xoán Manuel Pintos  
Marcial Valladares  
Francisco de la Iglesia

Eduardo Pondal  
Francisco Añón  
Rosalía de Castro

Alguns dos escritores que publican obra no *Album de la Caridad*, editado con motivo dos Xogos Florais en 1862.



López Cortón, mecenaz



Juana de Vega, promotora



Antonio de la Iglesia, organizador



Benito Vicetto, promotor

**Programa** do acto conmemorativo do 150 aniversario dos Xogos Florais da Coruña de 1861.  
Fachada do Teatro Rosalía Castro. 2 de xullo de 2011

- 13:00 h Abre o acto un baile de **Nova Galega de Danza**
- 13:05 h Saúdo e presentación do acto polo secretario da Real Academia Galega, **Xosé Luís Axeitos Agrelo**.
- 13:10 h Lectura dalgúns poemas galegos do *Album de la Caridad*, publicado un ano despois dos Xogos Florais de 1861. Coa intervención de: **Consuelo Bautista**, xornalista de Radio Coruña; **Manuel Gallego**, arquitecto; **Begoña Varela Bárcena**, libreira de Nova Colón; **Gonzalo de la Huerga**, conselleiro do Consello Consultivo de Galicia; **Marisol López Facal**, médica; **Xosé María Barja**, reitor da Universidade da Coruña; **Luísa Merelas**, actriz; **Roberto Pérez Vila**, presidente do comité de empresa de Zara Loxística; **Laura Gayoso**, sumiller e restauradora; **Ánxel Vázquez de la Cruz**, médico; **Charo Soto Arias**, vicedirectora do IES Eusebio da Guarda.
- 13:25 h A presidenta da Asociación de compositores de Galicia **Margarita Viso Soto** interpreta ao piano a muiñeira de Canuto Berea, peza que se escoitou nos Xogos Florais de 1861.
- 13:30 h Discurso do presidente da Real Academia Galega, **Xosé Luís Méndez Ferrín**.
- 13:40 h Desde a Serra de Outes, terra natal do poeta Añón, galardoado nestes Xogos Florais, traen unha ofrenda vexetal para os promotores e organizadores dos Xogos. O secretario da Asociación cívico-cultural Terra de Outes, **Ramón Blanco**, fai entrega dun carballo ao presidente da Fundación Juana de Vega, **Enrique Sáez Ponte**, e dun loureiro á descendente dos irmáns de la Iglesia, **María Rosa Saurin de la Iglesia**.
- 13:45 h Pecha o acto a **Banda municipal de Outes** coa interpretación do Himno galego.



REAL ACADEMIA GALEGA



Concello da Coruña  
Concellaría de Cultura

Agradecemento ao  
Concello de Outes

## Unha estrela no ceo de Galicia Cento cincuenta aniversario dos Xogos Florais da Coruña de 1861



A Coruña, sábado 2 de xullo de 2011  
Fachada do Teatro Rosalía Castro, 13:00 h

A Xunta [preparatoria que acordou as bases dos Xogos Florais], seguindo o espírito do que promove este certame e os sentimentos propios, insistiu na adopción de temas na súa maioría peculiares ó noso país galego, e na compracencia que amosou pola fala na que o rei don Afonso o Sabio compuxo as súas *Cantigas*, Añón os seus *Recordos da Infancia*, e o malogrado Alberto Camiño o seu *Descanso*.

**Antonio de la Iglesia**,  
"Memoria do secretario dos Xogos Florais da Coruña".  
Traducido do castelán. *Album de la Caridad*, 1862.

[...] tamén alá [en Galicia] se ten que refacer unha nacionalidade perdida, consagrar un idioma, resucitar unha literatura, afirmar unha vida anterior, conquistar o que ali e aquí todos desexamos, nunha palabra, erguer para sempre os altares patrios [...]

**Manuel Murguía**,  
Discurso pronunciado nos Xogos Florais de Barcelona de 1890.  
Traducido do catalán. *Lo Catalanista*, 149, 1890.

Os Xogos Florais da Coruña de 1861 abríron camiño para os de Pontevedra (11 de agosto de 1861, 1880, 1882, 1884 e 1886), Santiago (1875), Ourense (1876), Vigo (1883) e Tui (1891). Nesta cidade fronteiriza e fluvial culminan estas xornadas de patriotismo e de reivindicación da nosa lingua. O camiño que se iniciou na Coruña posibilitou que en Tui se escoitase a profunda voz da terra que por boca de Murguía dicía que os pobos nunca morren se teñen a bandeira dun idioma.

A Real Academia Galega, en colaboración co Concello da Coruña, quere rememorar con este acto unha data histórica.

Na Coruña, o día 2 de xullo de 1861, en plena fervenza romántica e medievalista, reuniuse o mellor da cidadanía coruñesa para exaltar a nosa cultura dando categoría culta e libresca á nosa lingua. A afiliación cun pasado afastado, invocar unha época dourada anima á loita e á rebeldía. O pasado imaxinado lexitima o futuro desexado.

Os Xogos Florais da Coruña foron un fito fundacional do noso Rexurdimento do mesmo xeito que os Xogos de Barcelona de 1859 foron eixo e centro da Renaixença catalá. Ambos os acontecementos, retomando o espírito do mundo occitano medieval, sinalan o longo camiño percorrido e os profundos silencios históricos ao tempo que reafirman a fe no futuro da lingua e da cultura propias.